



Sábado

Noite do Patrimonio

É unha actividade conxunta de todas as cidades españolas que obtiveron o distintivo de Patrimonio Mundial da UNESCO. Actualmente 15 núcleos históricos forman parte desta rede na que Compostela é a única representante galega.

CONVERSAS NO CLAUSTRO

19.00 h _ Claustro procesional de San Martiño Pinario

Presenta:

Mercedes Rosón

Concelleira de Urbanismo, Vivenda, Cidade Histórica e Acción Cultural do Concello de Santiago de Compostela

Relatores:

Ángel Rosado

Xerente do Grupo de Cidades Patrimonio de España

Belén Hernández

Xerente do Consorcio de Santiago de Compostela

David Barreiro

Investigador do INCIPIT-CSIC

Baixo a atenta mirada do claustro procesional máis importante da cidade, deseñaremos un diálogo sobre os retos e as problemáticas das cidades patrimonio no ano 2020, nun formato restrinxido e informal. Entrada de balde ata completar aforo.

VISITAS GUIADAS

20.00 e 20.45 h _ San Martiño Pinario
Igrexa, claustros e espazo segredo.

Duración da visita: 60 minutos.

Acceso porta de igrexa e saída porta de San Francisco.

PROGRAMA NA PRAZA DA QUINTANA

22.00 h _ Praza da Quintana

Cláudia Dias

SEGUNDA-FEIRA: ATENÇÃO À DIREITA

Espectáculo de danza contemporánea

Entrada libre

Compostela garda nas súas rúas, prazas e edificios un legado histórico e artístico como poucas cidades no mundo poden presumir.

Porén non toda esta herdanza monumental de séculos pode ser visitada durante o ano.

A Semana do Patrimonio Invisible é un ciclo programado pola Área de Cultura do Concello de Compostela que abre as portas de tesouros, habitualmente fechadas, e diseña unhas visitas guiadas de pequenos grupos para que os seus usuarios garden na memoria unha experiencia cultural única.

Reserva a túa praza!

As visitas guiadas que realizamos na **Semana do Patrimonio Invisible** baséanse en dúas premisas: A calidade do discurso narrativo e a protección dos bens culturais que visitamos.

Por este motivo as prazas para cada quenda de visitas son limitadas, e o proceso de reserva precisa da confirmación mediante correo electrónico por parte da organización a cada visitante.

Queremos garantir o acceso á actividade ao maior número de persoas, polo que **cada solicitante poderá reservar un máximo tres visitas para dúas persoas.**

Máis información e reserva de visitas:


spicompostela@gmail.com


Facebook

C
Compostela
Cultura

**SEMANA DO
PATRIMONIO
INVISIBLE**

Do 18 ao 22 de setembro





Colexio dos Irlandeses - Pazo de Ramirás

Última oportunidade para visitar un lugar que garda decenas de usos e no que a Historia cobra o seu verdadeiro nome: Escalreira pétrea, xardín interior, salas ocultas e testemuña da memoria dos irlandeses na cidade.

Hostal dos Reis Católicos

Visitaremos o Hospital Real creado para albergar camiñantes que se dirixían en peregrinación a Compostela, convertido en hotel de luxo con cinco séculos de antigüidade, onde coñeceremos os seus fermosos claustros, capela renacentista e outras sorpresas agochadas entre os seus muros.

Pazo de Amarante

Un dos grandes pazos da cidade con máis de 40 metros de liña de fachada á Algalia de Abaixo. Garda unha gran escalinata, xardín interior e importantes dependencias que albergaron o domicilio da familia Amarante-Camarasa, e os xuzgados municipais ata non hai moitos anos.

Casa de Europa

Dentro do Parque de Vista Alegre, aberto ao público a comezos do século XXI atopamos esta edificación de estilo colonial mandada construír un século atrás pola familia Simeón. A súa rehabilitación foi realizada por César Portela e Arate Isozaki e hoxe funciona como residencia universitaria para o profesorado visitante.

Capela das Ánimas

Aínda que de trazas simples, esta edificación rematada a finais do século XVIII, garda un fantástico órgano e varios retablos de grande interese. O local parroquial agocha un dos mellores segredos da cidade.

Casa Gótica

Cantas veces pasamos por diante desta singular casa e non a vimos? É un importante exemplo da arquitectura civil compostelana do século XIV, como indican a porta de entrada e a fiestra con arcos apuntados. Hoxe está ocupada pola administración do Museo das Peregrinacións e de Santiago.

Hotel Compostela

Desde este fermoso e tradicional hotel podemos comprender a evolución urbana da cidade; o punto de encontro entre a zona vella e a zona nova. Desde as bódegas, subiremos á *suite* para ollar unha descoñecida vista aérea de Compostela.

Hospital de San Roque

Construído no século XVI para facer fronte as continuas epidemias que asolagaban a cidade, visitaremos algunhas dependencias, o gran claustro, a biblioteca e un tesouro medieval moi descoñecido.

18 Mércores

- 12 h Colexio dos Irlandeses - Pazo de Ramirás
- 17 h Hotel Compostela
- 18 h Pazo de Amarante
- 19 h Hospital de San Roque
- 20 h Colexio dos Irlandeses - Pazo de Ramirás

19 Xoves

- 12 h Casa Gótica
- 17 h Hotel Compostela
- 18 h Hostal dos Reis Católicos
- 19 h Hospital de San Roque
- 20 h Colexio dos Irlandeses - Pazo de Ramirás

20 Venres

- 12 h Casa Gótica
- 17 h Hospital de San Roque
- 18 h Pazo de Amarante
- 19 h Colexio dos Irlandeses - Pazo de Ramirás
- 20 h Casa de Europa

21 Sábado

- 12 h Casa de Europa
- 16 h Casa de Europa
- 17 h Capela das Ánimas
- 18 h Colexio dos Irlandeses - Pazo de Ramirás

22 Domingo

- 12 h Hostal dos Reis Católicos
- 16 h Hostal dos Reis Católicos
- 17 h Colexio dos Irlandeses - Pazo de Ramirás
- 18 h Capela das Ánimas
- 19 h Casa de Europa